

**16/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2024**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 23 de decembro de 2024, ás nove horas e once minutos reúnense, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, asistida do secretario que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTA:**

Ana María Pena Purriños (Decreto de substitución nº 2501/2024, do 23 de decembro)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Manuel Rodríguez López

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

M<sup>a</sup> del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

**NON ASISTEN CON ESCUSA:**

Valentín González Formoso

Elena López Seco

María Jesús Romero Franco

Diego Balsa Bellas

**SECRETARIO:**

Manuel Larrosa Rodríguez

**INTERVENTORA:**

Cristina Morán Monzo

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN.**

A presidenta explica que o carácter urxente da sesión.

A continuación, a presidenta da sesión somete a urxencia a votación, de acordo co establecido no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

Sometida a urxencia a votación, aprobase por 5 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 4 en contra (2 do grupo político do PP e 2 do grupo político do BNG)

**2.-LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO EFECTUADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME NÚM. 608/2024, DO 11 DE DECEMBRO E APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AS PONTES PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2024**

A presidenta da sesión explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000010.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Memoria do órgano xestor da subvención xustificando o interese público e a conveniencia do outorgamento de subvención na modalidade de nominativa, de data 03/12/2024.
- Informe da unidade xestora de Servizos de data 11/12/2024
- Texto do convenio de data 03/12/2024.
- Orzamento de data 03/12/2024.
- Solicitud de subvención con data 06/11/2024
- En cumprimento do establecido no art. 34.5 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no expediente acredítase que o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigas con:

AEAT

TGSS

Concello das Pontes

Esta comprobación se realiza de forma telemática en base a los datos proporcionados.

-Informe da intervención municipal núm. 608/2024 desfavorable con reparos suspensivos do 11 de decembro.

-Proposta de acordo do día 16/12/2024

A presidenta da sesión propón realizar a votación conxuntamente co punto 4 da orde do día. O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados, con 5 votos favorables das persoas representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e catro abstencións (dúas das persoas representantes do grupo político do PP e dúas das persoas representantes do grupo político do BNG), acorda:

1. Resolver a discrepancia existente e, como consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe núm. 608/2024, do 11 de decembro.

2. Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AS PONTES por importe de 5.700,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 2024.135.48920.

**3.-LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO EFECTUADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME NÚM. 541/2024, DO 25 DE NOVIEMBRE E APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE GATOS FERALES DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ NO ANO 2024**

A presidenta da sesión concédelle a palabra a concelleira Lorena Tenreiro Blanco quen explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A003/000058. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

– Memoria e solicitude de subvención da Asociación de Gatos Ferales de As Pontes presentada con data 30/09/2024 (RE202499900003671) .

– Orzamento de data 30/09/2024

– Memoria do órgano xestor da subvención xustificando o interese público e a conveniencia do outorgamento de subvención na modalidade de nominativa de data 22/11/2024.

– Texto do convenio de data 22/11/2024.

– Informe do técnico de servizos de data 22/11/2024

- En cumprimento do establecido no art. 34.5 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no expediente acredítase que o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigas con: AEAT

TGSS

Concello das Pontes

Esta comprobación se realiza de forma telemática en base a los datos proporcionados.

-Informe de fiscalización desfavorable con reparos suspensivos núm 541/2024, do 25 de novembro.

-Proposta de acordo da concelleira-delegada de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

O pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con cinco votos a favor das persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE dous votos en contra das persoas representantes do grupo político do BNG e dúas abstencións das persoas representantes do grupo político do PP, acorda:

1. Resolver a discrepancia existente e, como consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe núm. 541/2024, do 25 de novembro.

2. Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación de Gatos Ferales de As Pontes por importe de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2024.311.48900

**4.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO EFECTUADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME NÚM. 511/2024, DO 8 DE NOVIEMBRE E APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AS PONTES PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2023**

A presidenta da sesión explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A003/000002.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Solicitud de subvención da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil das Pontes de data 26/12/2024 (RE 202399900004793) acompañada de orzamento.
- Providencia de inicio do expediente da alcaldesa en funcións de data 21/08/2024.
- Memoria do órgano xestor da subvención xustificando o interese público e a conveniencia do outorgamento de subvención na modalidade de nominativa, de data 21/08/2024.
- Informe da unidade xestora de Servizos de data 21/08/2024 e de 08/11/2024
- Texto do convenio de data 06/11/2024.
- En cumprimento do establecido no art. 34.5 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no expediente acredítase que o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigas con:

AEAT

TGSS

Concello das Pontes

Esta comprobación se realiza de forma telemática en base a los datos proporcionados.

-Informe da intervención municipal núm. 511/2024 desfavorable con reparos suspensivos do 08 de novembro.

-Proposta de acordo do día 21/11/2024

A presidenta da sesión propón realizar a votación conxuntamente co punto 2 da orde do día. O pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados, por 5 votos a favor das persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e catro abstencións (2 das persoas representantes do grupo político municipal do PP e 2 das persoas representantes do grupo político municipal do BNG), acorda:

1. Resolver a discrepancia existente e, como consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola intervención municipal no seu informe núm.511/2024, do 8 de novembro.

2.Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AS PONTES por importe de 5.595,55 € con cargo a aplicación orzamentaria 2024.135.48920

**5.-LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 530/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 20/11/2024 E APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AUTOCARAVANAS E DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E A ASOCIACIÓN GALEGA DE AUTOCARAVANAS PARA O FINANCIAMENTO DA CONCENTRACIÓN DE AUTOCARAVANAS E VEHÍCULOS CAMPER HOMOLOGADOS, NO CONCELLO DAS PONTES**

A presidenta da sesión explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000009. Os antecedentes do procedemento son os seguintes:

- Bases de execución do orzamento do ano 2024
- Memoria, actividades e orzamento da Asociación con data 13 de maio de 2024 na que se xustifican a necesidade dunha subvención para as actividades.
- Memoria do órgano xestor da subvención xustificando o interese público e a conveniencia do outorgamento de subvención na modalidade de nominativa, de data 19/11/2024
- Proposta de gasto con data 19/11/2024
- Proposta de convenio con data 19/11/2024
- Informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con data 19/11/2024
- Informe de fiscalización número 530/2024 de data 20/11/2024
- Proposta de acordo da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deportes e Promoción Económica de data 21/11/2024

O Pleno do Concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con cinco votos a favor das persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, dous votos en contra ds persoas representantes do grupo político municipal do PP e dúas abstencións das persoas representantes do grupo político municipal do BNG, acorda:

1º. Levantar o reparo suspensivo número 530/2024 emitido pola interventora municipal con data 20/11/2024

2º - Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación Galega de Autocaravanas por importe de 13.065,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 2024.432.48900 e aprobar o convenio de cooperación que deseguido se relaciona:

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOCARAVANAS PARA CONCENTRACIÓN DE AUTOCARAVANAS E VEHÍCULOS CAMPER HOMOLOGADOS, NO CONCELLO DAS PONTES PARA O ANO 2024.

D. Elena López Seco, co DNI 32691915Z, concelleira delegada-especial de Turismo, Consumo, Hostalería e Comercio

Dª. María del Mar García Pena, co DNI 32701809H , presidenta da Asociación Galega de Autocaravanas.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

#### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e a Asociación Galega de Autocaravanas de ambas as dúas partes.

#### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e a Asociación Galega de Autocaravanas, con NIF G36539674 , para o financiamento dunha concentración de autocaravanas e vehículos camper homologados, no Concello de As Pontes para o ano 2024.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Alugueiro de Carpa, mesas, cadeiras, escenario, iluminación e son	5.815,56 €
Animación Infantil	520,30 €
Grupo Musical	629,20 €
Guía turístico visita As pontes	493,68 €
Visita guiada con degustación “Casa do mel” – Goente (As Pontes)	1.052,00 €
Visita guiada con degustación “Queserías do Eume” – A Faeira (As Pontes)	1.000,00 €
Degustación de Mantecadas das Pontes	585,00 €
Servizo de Autobuses	1.200,00 €
Camisetas con logo de As Pontes “Promoción turística Concello das Pontes”	1.769,25 €
Agasallos para os asistentes AGA	5.000,01 €
TOTAL	18.065,00 €

### III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 13.065,00 €, o que representa o 72,32% do orzamento. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só alcanzará o importe debidamente xustificado (con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.432.48900, na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

1.- A achega do Concello será abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Asociación Galega de Autocaravanas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de decembro

do 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

#### VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar ao Concello a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello determinarase de oficio por este.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data do pago (transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc). Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados (peaxes autoestradas, billetes aparcadoiros, etc). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que o devandito gasto se considere “non subvencionable” de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de Subvencións en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións sempre que o devandito gasto supere o importe de 300 €.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá con levar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. O atraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de As Pontes, remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no taboleiro electrónico do Concello das Pontes, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na BNS.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á concelleira de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

#### **6.-LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO EFECTUADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME NÚM. 633/2024, DO 18/12/2024, APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “SOCIEDAD HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA-AS PONTES” E APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE AS PONTES DE GARCIA RODRÍGUEZ E A “SOCIEDAD HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA-AS PONTES” PARA FINANCIAR ACTIVIDADES NO ANO 2024**

A presidenta explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000012. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Bases de execución do orzamento do ano 2024
- Providencia da concelleira de inicio do expediente con data 14/11/2022
- Memoria do órgano xestor da subvención con data 14/11/2022
- Informes do departamento de Servizos Sociais de data 16/11/2022
- Texto do convenio de colaboración data 16/11/2022
- Informe de intervención núm.555/2022, de data 17/11/2022
- Proposta de acordo da concelleira delegada especial da Área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas tecnoloxías de data 19/12/2024

O Pleno do concello á vista dos antecedentes indicados, con cinco votos a favor dos representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e catro abstencións (dúas das persoas representantes do grupo político do PP e dúas das persoas representantes do grupo político do BNG), acorda:

1º. Resolver a discrepancia existente e, como consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe núm. 633/2024, do 18/12/2024.

2ª.- Aprobado a concesión dunha subvención nominativa a favor da “Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada-As Pontes” por importe de 2.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2024.231.48003.

3º.- Aprobar o convenio de colaboración que deseguido se relaciona:

En As Pontes de García Rodríguez a \_\_\_\_\_ de 2024.

D<sup>a</sup>. Lorena Blanco Tenreiro, Concelleira delegada da área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías do Concello das Pontes de García Rodríguez.

D<sup>a</sup>. Maria Elena Martínez Iglesias, presidenta da ENTIDADE Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada.

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

**MANIFESTAN:** Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e da Entidade “Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada-As Pontes” de ambas as dúas partes.

**ACORDAN:**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e a “Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada (Nº registro asociaciones 421193), para o financiamento de actividades culturais durante o ano 2024.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

- Actividades culturais e mantemento do panteón social durante o ano 2024 por importe de 2.105,00 euros.
- Partida orzamentaria: 2024.0.231.48003

**III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

**1.** O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 2.000,00 euros o que representa unha porcentaxe do 95%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só achegará o importe debidamente xustificado.

**2.** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

**3.** O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.0.231.48003, na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministro necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar alo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.**

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.**

1. Logo da sinatura deste convenio, podera expedirse por adiantado un pago do 100 % da subvención concedida.

Deberá xustificar a subvención coa achega da seguinte documentación:

- Memoria da actividade realizada, relación clasificada de gastos e facturas e demais documentos con valor no tráfico xurídico mercantil que acrediten o gasto realizado. Os gastos e as correspondentes facturas referiranse as actividades realizadas no ano 2024.

2. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

3. Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA tendo como prazo máximo o 30 de abril de 2025.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

3. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello determinarase de oficio por este.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo

o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. O atraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

2. Previa solicitude da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e

previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención do Concello.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Alcalde do Concello, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

#### **7.-LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO EFECTUADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME DE FISCALIZACIÓN NÚM. 538/2024, DO 22 DE NOVEMBRO DE 2024, APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CLUB SAMURAI SPORTS CLUB PARA O FINANCIAMENTO DAS PROBAS DEPORTIVAS V SAMURAI XTREME RACE 2022 E VI SAMURAI XTREME 2023 E APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN**

A presidenta da sesión explica o contido do expediente que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000005. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Solicitud de subvención do Club Samurai Sports Club de data 06/09/2024
- Bases de execución do orzamento do ano 2024
- Providencia do concelleira de inicio do expediente con data 19/11/2024
- Memoria do órgano xestor da subvención con data 19/11/2024
- Informe do departamento de Deportes de data 21/11/2024
- Texto do convenio de colaboración
- Informe da Intervención Municipal núm. 538/2024 de data 22/11/2024
- Proposta de acordo da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deportes e Promoción Económica de data 22/11/2024

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con catro votos a favor das persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, dous votos en contra das persoas representantes do grupo político municipal do BNG e tres abstencións (dúas das persoas representantes do grupo político municipal do PP e unha do concelleiro do PSdeG-PSOE Manuel Rodríguez López), acorda:

1º.- Resolver a discrepancia existente e, na súa consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe de fiscalización núm. 538/2024, do 22 de novembro de 2024.

2º.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor do Club Samurai Sports Club por importe de **35.630,00 € (16.000,00 € e 19.630,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria 2024.341.48900.

3º.- Aprobar o convenio de cooperación que deseguido se relaciona:

**“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E O SAMURAI SPORTS CLUB PARA O FINANCIAMENTO DAS PROBAS DEPORTIVAS V SAMURAI XTREME RACE 2022 E VI SAMURAI XTREME RACE 2023.**

D. Elena López Seco, co DNI N° 32691915Z, concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica

D. José Rodríguez López, co DNI N° 76410047E, presidente da entidade Samurai Sports Club.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e a entidade de ambas as dúas partes.

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e a entidade Samurai Sports Club, con CIF N° G70465794, para o financiamento da probas deportivas V Samurai Xtreme Race 2022 e VI Samurai Xtreme Race 2023.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte aos seguintes orzamentos:

<b>V SAMURAI XTREME RACE 2022</b>
-----------------------------------

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Acondionamento do terreo	6,886.35 €
Aluguer de estruturas para obstáculos	7,108.75 €
Asesoramento e xestión evento	1.513,71 €
Bolsas corredores e lonas publicitarias	3,630.00 €
Bragas cuello participantes e voluntarios	1,143.45 €
Camisetas corredores e voluntarios	3,087.75 €
Canón Campionato de España 2022	1,512.50 €
Cinta Balizar	1.442.32 €
Cronometraxe e xestión cobro inscricións	2,911.76 €
Gorros participantes e voluntarios	2.752,75 €
Mascarillas	1,133.87 €
Material mantemento obstáculos	4,888.97 €
Trofeos e medallas participantes	4,814.89 €
Montaxe obstáculos	3,031.05 €
Publicidade e propaganda	3,509.00 €
Reportaxe TV	1,149.50 €
Rotulación e cartelería	5.722,33 €
Seguros evento	8,037.04 €
Servizo médico e ambulancias	880.00 €
Sonorización e aluguer de equipos	1.512,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>65,226.17 €</b>

<b>VI SAMURAI XTREME RACE 2023</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Actualización Web	726.00 €
Aluguer de estruturas para o evento	9,922.00 €
Avituallamento	354,03 €
Camisetas corredores e voluntarios	8,699.71 €
Canón Campionato de España 2023	1,512.50 €
Cinta Balizar	7,574.60 €
Cronometraxe e xestión cobro inscricións	5,431.31 €
Material mantemento e fabricación de obstáculos	8.417,34 €
Publicidade e propaganda	7.281,90 €
Pulseiras corredores	252,43 €

Reportaxe TV	3,569.50 €
Rotulación carteleria e vinilos	15,053.33 €
Seguro evento	8,629.51 €
Servizo de prevención	2.980,00 €
Sonorización e aluguer de equipos	1.512.50 €
Trofeos e medallas	5,431.94 €
Vídeo promocional	530,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>86,366.10 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 16.000,00 € para o V Samurai Xtreme Race 2022, o que representa o 24,53% da subvención solicitada e unha achega máxima de 19.630,00 € para o VI Samurai Xtrema Race 2023, o que representa o 22,72% da subvención solicitada. No caso de que os gastos xustificadas non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só alcanzará o importe debidamente xustificado (con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.341.48900, na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.**

